

## Acta da Asambleia Xeral

24 de marzo de 2025

**Lugar:** Online- Google Meet- Teams  
**Hora:** 20:00 h sesión extraordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Regulamento de Licenzas
- 3.- Calendarios e normativas
  - Actualización calendarios
  - Protocolo de protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á Violencia no Deporte
- 4- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña  
 Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

---

### ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar da Xuventude- Gustavo Álvarez Nogueira  
 Club Triatlón Santiago- Paloma Herbelo Hermelo  
 Club Triatlón Rias Baixas, Enrique Hernández Moldes

### ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña\*

### ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro\*

---

### **Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados**

Iniciase a sesión ás 20:00 h en segunda convocatoria ao non haber quorum na primeira.

1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Procédese á votación da acta coa anterior subsanación

Votos a favor- 5

Votos en contra-0

Abstencións- 0

2.- Regulamento de Licenzas 2025

- Infórmase das cuestións planteadas á Secretaría Xeral para o Deporte, xurdidas na anterior asemblea en relación aos estranxeiros. No borrador modelo actual, enviado a todos os membros da asemblea antes da convocatoria desta asemblea para a súa revisión, este punto queda tal e como estaba, facilitando así participación de comunitarios e estranxeiros nos clubs galegos o que os mantén en igualdade nas probas nacionais con outras comunidades. O presidente indica que falou con varios clubs ao respecto e parécelles ben o texto.

Procédese á votación do regulamento quedando aprobado por unanimidade.

Votos a favor- 5

Votos en contra-0

Abstencións- 0



### 3.- Calendarios e normativas

#### - Actualización Calendario 2025. Modificacións

Infórmase da necesidade de ratificación das probas aprobadas por Comisión Delegada e das modificacións realizadas no calendario oficial e engádense así mesmo as seguintes modificacións

- 5/4/2025- Dúatlon Eleuterio Balayo Concello de Muros
- 26/04/2025 - Dúatlon Vila de Muimenta- Concello de Cospeito cambia ao 26 de abril
- 15/06/2025- Triatlón Concello de Porriño (Circuito)
- 15/06/2025- Tríatlon de Menores de Narón
- 28/06/2025- Tríatlon de Menores de Cariño
- 12/09/2025- Copa Deputación de Ourense de Acuatlón-Castrolo de Miño

Infórmase así mesmo de que se continúa traballando para concretar o Cpto Galego de Tríatlon.

Procédese á votación quedando aprobadas as modificacións de calendario

Votos a favor- 5

Votos en contra-0

Abstencións- 0

#### - Protocolo de protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á Violencia no Deporte

O protocolo foi enviado a todos os asembleístas e infórmaselles que para poder asinar as adendas debe estar rexistrado na sede electrónica. Comunícase que o modelo é o recibido por parte da Secretaría Xeral para o Deporte e que o único que se engadiu foron os datos federativos e a designación de Mónica Flores Ferreiro, quen está acudindo ás formacións dende 2024, como Delegada de Protección do Menor. Enrique Hernández Moldes indica que se debe consignar a data da aprobación en asemblea ou do día seguinte en lugar do 14/05/2025 que figuraba no protocolo recibido e acórdase realizar a modificación con vixencia de 2 anos – 25/03/2025 a 25/03/2027.

Procédese á votación do regulamento quedando aprobado por unanimidade.

Votos a favor- 5

Votos en contra-0

Abstencións- 0

### 4.- Rogos e preguntas:

- O presidente informa que aceptou ser membro da Xunta Directiva da UFEDEGA en representación da FEGATRI e que a Asociación ten planteado ser máis activa nesta lexislatura impartindo cursos que poidan interesar ás Federacións afiliadas.

Levántase a sesión ás 20:29 h.

Asdo.- A Secretaria Xeral  
Mónica Flores Ferreiro



VºBº  
**FEGATRI**  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON  
E PENTATLON MODERNO

Asdo.- O presidente,  
Javier Campos Peña  
Rúa Capela 1, ent. 2  
27001 Lugo T. 982 251 345  
N.I.F.: V36703932